

TRAS O FALLO DE EUROPA CONTRA A INDEMNIZACIÓN POR DESPEDIMENTO, UGT CHAMA AO GOBERNO Á CONVOCATORIA URGENTE DO DIÁLOGO SOCIAL PARA ADAPTAR A LEXISLACIÓN ESPAÑOLA

Fernando Luján: “España está obrigada a cumprir os tratados internacionais e respectar os dereitos humanos”

Redacción.- O Comité Europeo de Dereitos Sociais (CEDS) fixo público este luns o seu fallo sobre a regulación española das indemnizacións por despedimento improcedente. O organismo dependente do Consello de Europa, en resposta á reclamación presentada pola Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT), concluíu que estas indemnizacións non son disuasorias nin reparatorias.

Desta maneira, o CDS dá a razón a UGT e condena a España por non cumprir coa obrigaón de dar unha compensación adecuada por despedimento inxustificado. O organismo sinala que a lexislación española viola o Artigo 24 da Carta Social Europea (CSE), que garante o dereito dos traballadores a unha protección adecuada en caso de despedimento.

A raíz disto, o vicesecretario xeral de Política Sindical de UGT, Fernando Luján, e o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, ofreceron este martes en Santiago unha rolda de prensa para analizar e valorar a decisión do CEDS.

Neste senso, Gómez explicou que a demanda foi interposta por UGT no ano 2022 e insistiu en que o fallo do Comité Europeo de Dereitos Sociais si é vinculante e de obrigado cumprimento, polo que a partir de agora hai que traballar para cambiar a lexislación española ao respecto e adaptala ao que se nos apunta dende Europa. En relación a Galicia, explicou que no 2023 presentáronse 4.039 demandas por despedimento improcedente que arroxaron unhas indemnizacións medias por traballador de pouco máis de 9.000 euros, unha contía, evidentemente, ridícula por un despedimento considerado improcedente, é dicir, inxusto, e que non se axusta á lexislación vixente.



Pola súa banda, Fernando Luján explicou como se chegou á decisión sobre o fondo do Comité Europeo de Dereitos Sociais en relación ao despedimento improcedente en España. No 2012, o Goberno do PP impuxo de xeito unilateral unha reforma laboral que fixou unha indemnización por despedimento improcedente en España de saldo. De 45 días por ano traballado pasouse a 33, do tope de 42 mensualidades a 24 e elimináronse os salarios de tramitación. Isto provocou que as indemnizacións quedasen mergadas nun 70% por un despedimento considerado xudicialmente inxusto. Isto levou á convocatoria de dúas folgas xerais e abrir, por parte de UGT, unha batalla sen descanso.

En decembro de 2021 pactouse unha nova reforma laboral que conseguiu restituír parte dos dereitos eliminados na do 2012 pero quedaba pendente o tema do despedimento, e así o deixou ben claro o Sindicato xa por aquel entón. Aquí comezou un camiño xudicial que nos levou á conclusión de que a lexislación española nesta materia incumpría claramente a Carta Social Europea e en marzo de 2022 UGT presentou a reclamación pertinente.

De aquí saíu o fallo que o CEDS fixo público este luns: “España viola o artigo 24 da Carta Social Europea” e, como a nosa Constitución di que debemos respectar os tratados internacionais ratificados, como é o caso da Carta Social Europea, está faise vinculante, o que nos obriga a modificar a lexislación xa para adaptala”.

Europa dinos que, para que unha indemnización por despedimento improcedente cumpra debe, en primeiro termo, suplir a perda financeira dende que se denuncia o feito ata a resolución, é dicir, os salarios de tramitación; e prever a posibilidade de readmisión e, se isto non é posible, a indemnización debe ser disuasoria e resarcir á vítima dos danos causados.

Luján insistiu en que “non é admisible que en España o mercado laboral teña o despedimento a saldo”.

Demandou respecto cos tratados internacionais e cos dereitos humanos, o que obriga a modificar a lexislación xa, para o que urxe abrir os cauces necesarios xa no marco do

[Continúa na páxina seguinte...](#)

diálogo social. Se non se modifica a Lei e se unifican criterios, serán os xuíces os que, caso por caso, teñan que sentenciar aplicando o que Europa nos di. Afirmou que isto xa o están a facer, de feito, explicou tres sentenzas recentes de tribunais superiores de xustiza de diferentes ámbitos territoriais nas que as diferenzas entre as indemnización que lles corresponderían aos traballadores

aplicando a lexislación española actual e as que lles corresponderían tendo en conta o fallo europeo son moi elevadas. Por exemplo, o TSJ do País Vasco, nunha sentenza do 23 de abril de 2024, condena a un Concello a indemnizar a un traballador con 30.000 euros, cando coa lexislación actual española serían 493,49; outra sentenza do TSJ de Cataluña, condena a Correos a indemnizar a un traballador con 20.762 euros, coa lexislación actual serían 823; e outra tamén do TSJ de Cataluña, dos

pouco máis de 3.000 euros que lle correspondería ao demandante coa lexislación actual, o Tribunal impuxo unha indemnización, segundo ao que obriga Europa, de case 47.000 euros.

Luján concluíu que, “se non queremos ir xulgado a xulgado, o máis respectuoso coa Lei, cos compromisos internacionais e coa cidadanía, é afrontalo no marco do diálogo social para traballar por un cambio lexislativo”.

NON OBSTANTE, A PESAR DOS BOS DATOS, UGT-GALICIA ALERTA DE QUE AS MULLERES REPRESENTAN O 59% DO TOTAL DO DESEMPREGO

O MERCADO LABORAL MANTÉN O SEU DINAMISMO E REXISTRA O MELLOR DATO NUN MES DE XULLO DA SERIE HISTÓRICA

No mes de xullo, o paro sobe moi lixeiramente en Galicia, aínda que baixa no resto do Estado, pero diminúe moito no ano. Pola contra, a afiliación á Seguridade Social increméntase, cando no Estado baixa

Redacción.- Os datos de paro rexistrado e afiliación á Seguridade Social de xullo, publicados este venres, mostran unha lixeira suba do paro rexistrado e un incremento da afiliación, unha tendencia, en ambos casos contraria á do resto do Estado. Aínda así, segue a ser o mellor dato de desemprego nun mes de xullo na serie histórica, dende o ano 1996, e o segundo mellor dato de todos os meses dende 1996. Polo que se pode seguir falando de dinamismo do mercado laboral.

Así, o paro rexistrado sobe este mes en 107 persoas, ata un total de 118.045, contabilizándose 9.400 persoas menos que o ano anterior. A afiliación, pola súa banda, sobe en 8.503 persoas afiliadas á Seguridade Social. Consolidando o emprego afiliado en 1.093.374 persoas afiliadas en xullo, 15.245 (1,41%) máis que hai un ano.

Doutra banda, a estacionalidade propia do verán causa unha temporalidade da afiliación do 15,72%. Un valor, aínda así, moi baixo, sobre todo se se compara co existente no mesmo mes de 2021, antes da reforma laboral.

Con respecto á contratación, este mes rexistráronse un total de 81.604 contratos, dos que 22.823 son indefinidos. Isto supón o 28% da contratación, 21 puntos máis que os rexistrados no mesmo mes de 2021.

Por tanto, parece que a reforma laboral está a cumprir co obxectivo co que foi deseñada: reducir a excesiva temporalidade que afectaba de maneira estrutural ao mercado laboral, manténdoa en niveis moi baixos con respecto a anos

atrás, a pesar das posibles variacións estacionais. Algo que é posible grazas á gran creación de emprego indefinido que se levou a cabo nestes dous anos e medio de vixencia da norma, consolidando ao longo do tempo unha sólida base de emprego estable e de calidade.

Chegados a este punto, é hora de abordar as cuestións que quedaron pendentes na reforma, modificando as causas e o custo do despedimento para que se adapten ás disposicións da Carta Social Europea. Pois, tal e como concluíu o Comité Europeo de Dereitos Sociais tras a reclamación presentada por UGT, a indemnización por despedimento improcedente existente actualmente en España non garante o dereito dos traballadores a unha protección adecuada.

Por iso, UGT reclama ao Goberno que se convoque canto antes ao Diálogo Social para adaptar a lexislación española a esta resolución vinculante, fixando unha indemnización plenamente resarcitoria do dano causado, eliminando ou elevando os topes de compensación e incluíndo os salarios de tramitación. Para o sindicato, é primordial mellorar a protección das persoas nos seus postos de traballo, facendo que o despedimento sexa a última opción posible para o empregador e evitando os despedimentos arbitrarios e inxustos, de forma que se continúe avanzando no camiño da estabilidade iniciado grazas á última reforma laboral.

Radiografía desemprego en Galicia

Concretando os datos que se fan pú-

blicos hoxe, en Galicia o desemprego subiu levemente en Galicia, en 107 persoas con respecto ao mes anterior (0,09%), sen embargo, no Estado esta cifra baixou, un 0,42%. No ano rexistrouse unha contracción do desemprego, baixando en 9.400 persoas, un 7,38% menos. No caso do Estado a baixada anual non foi tan forte, do 4,77%. Así, o número total de desempregados sitúase en 118.045 persoas, o dato de desemprego máis baixo nun mes de xullo dende 1996 e o segundo dato de paro máis baixo da serie histórica, dende 1996, só mellorado polo dato de hai un mes.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego baixa nun 0,64% e no ano a diminución foi dun 4,74%.

Por sexos, no caso dos homes o desemprego baixa no mes un 1,08% pero, pola contra, no caso das mulleres sobe un 0,92%. No ano baixou o desemprego en ambos casos, o 6,52% entre os homes e o 7,96% entre as mulleres. Dende UGT-Galicia alértase que, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 59% do total do desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 69.686 mulleres, fronte a 48.359 homes.

En canto aos sectores, dáse un comportamento desigual. Diminúe un 1,30% na industria; un 2,9% na agricultura e gandería; e un 1,54% na construción. Non obstante, sobe no sector servizos, un 0,58%, e un 0,05% entre o colectivo de sen emprego anterior. No ano si que baixa en todos. Así, baixa un 11,93% no primario; o 11,25% na industria; o 11,47% na construción; o 6,6% no sector servizos; e o 4,29% entre o colectivo de sen emprego anterior.

FOLGA XERAL ESTATAL NO SECTOR DE TRANSPORTE POR ESTRADA EN OUTUBRO POLO BLOQUEO DO ADIANTO DA IDADE DE XUBILACIÓN

Redacción.- UGT e CCOO anuncian esta semana en rolda de prensa a convocatoria de folga xeral no sector do transporte por estrada para a segunda quincena de outubro ante o bloqueo sistemático do adiamento da idade de xubilación dos condutores e condutoras profesionais por parte das distintas patronais e do Goberno.

O sistema legal en España recolle o posible adiamento da idade de xubilación mediante a xubilación parcial e o mecanismo de coeficientes redutores por razón da actividade, pero ningún deles acaba de facerse efectivo para os condutores e condutoras profesionais.

Xa se solicitou en 2011 —coa lexislación anterior á reforma da Lei de Seguridade Social levada a cabo en 2022— a aplicación de coeficientes redutores para persoas condutoras de vehículos pesados. Despois de trece anos o expediente non se resolveu e continúa no caixón.

O Goberno debía desenvolver mediante regulamento a Lei de Seguridade Social para establecer os procedementos para solicitar a aplicación de coeficientes redutores que puidesen aplicarse a esta profesión, pero xa van dous anos de bloqueo.

Xubilación parcial

Doutra banda, o acceso á xubilación parcial condiciónase á aceptación empresarial cando se trata dun dereito propio da persoa traballadora e ademais se sobrecarga desde o 2011 cun sobrecusto de Seguridade Social á empresa, que debe pagar a Seguridade Social do xubilado parcial, e da persoa que o releva. É evidente que se o acceso á xubilación parcial depende da concesión da empresa e esta dobra os seus custos de Seguridade Social concedéndoa, as solicitudes denéganse por todas as partes e o sistema non sirva.

Vimos solicitando que se nos apliquen as mesmas regras que as que se aplican á industria manufacturera, onde as empresas só corren a cargo do custo de Seguridade Social dunha persoa e tam pouco nolas conceden.

O pasado 7 de xuño realizamos unha multitudinaria concentración fronte ás portas do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, cuxo titular non se dignou a recibirnos. Por outra banda, xa



van unhas cantas resolucións aprobadas no Congreso dos Deputados a iniciativa dalgúns partidos políticos, solicitando a xubilación anticipada dos condutores e condutoras profesionais que foron aprobadas por maioría, pero que quedan en meras resolucións declarativas.

Todo vale para bloquear o acceso á xubilación anticipada dos condutores e condutoras profesionais: as argucias burocráticas, a paralización das súas obrigacións como goberno ou o incumprimento dos compromisos políticos.

Penosidade no traballo dos condutores

Mentres tanto, miles de persoas condutoras profesionais de avanzada idade non poden aguantar nos vehículos, soportando unha actividade penosa e perigosa, sufrindo a maior taxa de accidentes de traballo mortais, enfermidades crónicas ou patoloxías que acurtan a súa esperanza de vida, ademais de poñer en risco a seguridade viaria de todos e todas.

Non podemos seguir esperando unha solución regulamentaria e burocrática ata que o Goberno decida comezar os trámites administrativos porque os anos pasan, a nosa esperanza de vida redúcese e enterramos compañeiros e compañeiras de idade avanzada un día tras outro, vítimas de accidentes de traballo mortais.

Esiximos o recoñecemento patronal da penosidade e perigo da profesión e a inmediata aplicación por lei de coeficien-

tes redutores á idade de xubilación para os condutores e condutoras profesionais.

Esiximos que se contemple por convenio unha xubilación parcial con contrato de substitución, voluntaria para a persoa condutora que poida acumular de forma seguida a porcentaxe que ten que traballar e no seu lugar entre unha persoa nova, de forma que as empresas paguen como ocorre na industria manufacturera, a seguridade social dun só. Esta sería unha solución provisional ata que se fosen acumulando coeficientes redutores.

Folga contra as patronais

Por iso, a folga xeral sectorial que se anuncia, se non se aceptan os coeficientes redutores e se non se acepta a xubilación parcial voluntaria, non é unicamente para esixir a regulación ao Goberno, é unha folga contra as patronais do transporte por estrada porque son responsables directas das nosas condicións de traballo e de garantir a seguridade e saúde das persoas condutoras de idade avanzada.

Pedimos tamén comprensión a toda a sociedade polos efectos negativos que poida ocasionar a folga. Tamén estamos a velar pola seguridade viaria de todos e todas e por unha mellor calidade de vida da clase traballadora.

Facemos un chamamento a todas as persoas traballadoras do transporte por estrada e a todas as súas organizacións para parar o transporte por estrada en España.

OS AXENTES SOCIAIS E O GOBERNO PECHAN UN ACORDO SOBRE PENSÍONS

O texto recolle a mellora dos incentivos na xubilación demorada e fanse compatibles coa xubilación activa

Redacción.- Os interlocutores sociais CEOE, CEPYME, UGT, CCOO e o Goberno alcanzaron un acordo en determinadas materias relacionadas coa Seguridade Social. Entre elas, destaca a mellora dos incentivos na xubilación demorada e fanse compatibles coa xubilación activa.

En concreto, o incentivo por atrasar a percepción da pensión farase agora por semestres, incrementándose o 2% do importe da pensión, ou o seu equivalente a tanto alzado. Do mesmo xeito, mantense a posibilidade da cobranza mixta -unha parte en incremento da pensión e outra en abono dunha cantidade a tanto alzado-.

Estas cantidades son compatibles co acceso á xubilación activa.

Doutra banda, elimínase o requisito de contar coa carreira completa de cotización e mellóranse as porcentaxes de pensión compatibles co traballo, incluído o traballo por conta propia.

As porcentaxes da pensión que se van a poder percibir mentres se traballa son as seguintes: cun ano de demora, un 45%; con dous anos de demora, un 55%; con tres anos de demora, un 65%; con catro anos de demora, un 80%; con cinco anos de demora, un 100%.

No caso dos autónomos, cun traballador contratado por tempo indefinido con antigüidade mínima de 18 meses ou unha nova contratación percibirase un 75% da pensión. Esta porcentaxe incrementárase cun 5% anual ata alcanzar o 100%.

En terceiro lugar, acordouse que o Goberno, no prazo de seis meses, deberá revisar, no ámbito do diálogo social, a xubilación flexible para mellorar as porcentaxes de pensión a percibir.

Ademais, acórdase crear un novo marco regulador da xubilación parcial e prolóngase a aplicación na industria manufacturera ata 2029.

Con carácter xeral, o acceso á xubilación parcial, co correspondente contrato de substitución, poderá pro-



ducirse ata tres anos antes da idade ordinaria de xubilación que corresponda en función da carreira de cotización (o primeiro ano a redución estará entre un 20% e un máximo do 33%). É dicir, mellórase un ano.

Tamén se melloran as garantías de emprego do traballador relevista (indefinido e a tempo completo). Tamén se poderá concentrar a xornada de traballo das persoas que accedan á xubilación parcial a través dun acordo no seo do centro de traballo.

Poderán incorporarse ao proceso de substitución os traballadores fixos descontinuos.

No caso da industria manufacturera, as condicións anteriores á reforma de pensións de 2011 aplicáranse ata o ano 2029 cos seguintes axustes:

A cotización da empresa e do xubilado parcial incrementárase progresivamente nos seguintes termos: 40% en 2025; 50% en 2026; 60% en 2027; 70% en 2028 e 80% en 2029.

A porcentaxe de traballadores con contrato indefinido no persoal alcanzará polo menos o 75%.

Aplicarase o mesmo réxime de acumulación de xornada previsto para a xubilación parcial xeneral.

Poderá incorporarse ao proceso de substitución os traballadores fixos descontinuos.

Acórdase a modificación do Regulamento para o recoñecemento de coeficientes redutores da idade de

xubilación en actividades con elevados índices de penosidade, toxicidade, perigo ou insalubridade. Establecerase un novo procedemento para o recoñecemento de coeficientes redutores, así como varios indicadores obxectivos. Estes indicadores complementáanse con outros adicionais e informes epidemiolóxicos.

Mellóranse as condicións de acceso ás pensións e a contía das mesmas das persoas con contratos fixos descontinuos. Para estas persoas traballadoras, multiplicarase cada día traballado por 1,5 a efectos de cotización.

Co acordo, régúlase o marco para a firma de convenios de colaboración a subscribir entre a Consellería de Sanidade de cada unha das Comunidades Autónomas, as Mutuas Colaboradoras no marco do AENC.

Afectará só a baixas de carácter traumático. As altas, confirmacións e baixas seguirán correspondendo ao servizo público de saúde. O paciente poderá revogar o consentimento en calquera momento do proceso.

Créase unha Comisión de Seguimento que avaliará, estudará o funcionamento desta medida e propondrá, no seu caso, medidas alternativas.

Por último, o acordo recupera o sistema de redución das cotizacións por continxencias profesionais ás empresas que diminúisen de maneira considerable a sinistralidade laboral, o que se coñece como bonus.

UGT ESIXE A RETRIBUCIÓN DO PERMISO PARENTAL

O sindicato considera que a ausencia de carácter remunerado do permiso limita o seu exercicio e o seu uso corresponsable

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores e Traballadoras (UGT) esixe a inmediata retribución das oito semanas de permiso parental. A xuízo do sindicato, sen esta retribución, limitáanse as opcións de acollerse a este permiso a aquelas persoas traballadoras que poden soportar a ausencia de remuneración durante o seu desfrute. Deste xeito, perpetúanse os roles e desigualdades de xénero. As cifras e estatísticas así o demostran: cando os permisos e dereitos en materia de conciliación son retribuídos, tanto homes como mulleres exércenos, alcanzando deste xeito a corresponsabilidade.

Ademais, UGT tamén esixe que se convoque a mesa de diálogo social para negociar o desenvolvemento regulamentario necesario para o seu desfrute a tempo parcial. Deste xeito, fariase posible esta modalidade de exercicio para aquelas persoas traballadoras cuxas necesidades de coidado véxanse mellor atendidas desta forma.

O Real Decreto-lei 5/2023, do 28 de xuño, supuxo a ampliación e creación de

novos dereitos en materia de conciliación con motivo da transposición da Directiva 2019/1158 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xuño de 2019, relativa á conciliación da vida familiar e a vida profesional dos proxenitores e os coidadores, e pola que se derroga a Directiva 2010/18/UE do Consello.

Entre os permisos de nova creación, o permiso parental, tanto no Estatuto dos Traballadores como no Estatuto Básico do Empregado Público, consiste nun "permiso para o coidado de fillo, filla ou menor acollido por tempo superior a un ano, ata o momento no que o menor cumpra oito anos, cunha duración de oito semanas, continuas ou descontinuas que poderán gozarse a tempo completo ou a tempo parcial, conforme ao establecido regulamentariamente".

A pesar de que a Directiva mencionada establece que o prazo de transposición do carácter remunerado do permiso parental finaliza o 2 de agosto de 2024, no noso or-



denamento non se contempla expresamente que sexa un permiso retribuído, nin polas empresas nin polas Administracións Públicas, nin mediante que tipo de prestación económica.

España arríscase a que a Comisión Europea presente recurso ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TJUE) pola incompleta transposición da Directiva, tal e como xa fixo en novembro de 2023, pola non comunicación das medidas de transposición da directiva levadas a cabo; podendo en ambos os casos supoñer a imposición de sancións económicas por parte do Tribunal.

O PIB TRIMESTRAL AUMENTA UN 0,8%, CONSOLIDANDO O CRECEMENTO DA ECONOMÍA ESPAÑOLA

As subidas salariais introducidas polo AENC dan os seus froitos no consumo privado, pero a capacidade adquisitiva das e os españois aínda non chega aos niveis anteriores á pandemia

Redacción.- O INE publicou esta semana o avance dos datos da Contabilidade Nacional Trimestral correspondentes ao segundo trimestre de 2024, no que se rexistra un aumento preliminar do PIB do 0,8% en termos trimestrais, o que se traduce nun aumento anual do 2,9%. Este crecemento, de confirmarse o 27 de setembro, supoñería o segundo trimestre do ano cunha taxa anual superior ao 2%, polo que sentaría as bases para que o ano 2024 se completase cun incremento do PIB superior ao que se estimaba inicialmente. Respecto á información publicada esta semana, na demanda destaca o crecemento trimestral do consumo dos fogares e do investimento, un 0,3% e un 0,9% respectivamente. Con este, trátase do segundo aumento trimestral consecutivo do investimento, un factor fundamental para mellorar a produtividade no medio e longo prazo. Polo lado da oferta, todos os sectores crecen, menos a agricultura, sendo especialmente reseñable o aumento do 0,9% do sector servizos, influenciado pola estacionalidade.

Sen dúbida, a información que presenta o INE trátase dunha boa noticia, sobre todo enmarcado nun contexto onde previsiblemente

o Banco Central Europeo (BCE) seguirá coa baixada dos tipos de interese, que xa reduciron 25 puntos básicos o pasado xuño. UGT sinalou en moitas ocasións que reverter a tendencia en materia de política monetaria debe ser prioritario para facilitar o acceso ao crédito para as familias e empresas. É hora de aplicar unha política económica expansiva que fomente o crecemento sostible e que aproveite a introdución de recursos como os fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR).

De feito, os fondos do PRTR son o principal motor de transformación do modelo económico actual e unha das ferramentas que actúa para dirixir os investimentos de capital público e privado cara sectores produtivos con moito potencial de crecemento, que presenten maior resiliencia ante posibles crises e que sexan respectuosos co medio ambiente. Pero para que este cambio se produza é crucial que o desempeño na execución dos fondos sexa maior, logrando que os recursos económicos penetren na economía real. Con todo, na Contabilidade Nacional Trimestral aínda non se percibe ese despregamento dos fondos no investimento, a pesar de que haxa

unha mellora nos datos coñecidos nos dous primeiros trimestres de 2024.

Doutra banda, atendendo á boa resposta que está a ter o consumo privado tras as melloras salariais introducidas polo AENC que se asinou en maio de 2023, é fundamental persistir nesa liña de negociación que permita recuperar a capacidade adquisitiva ás persoas traballadoras, debido a que aínda non se recuperou o que había antes da pandemia. Con todo, no que vai de ano, a inflación cífrase nun 3,3%, mentres que a variación salarial rexistrada polos convenios asinados en 2024 é do 4%, sete décimas máis.

En definitiva, o crecemento da economía española é firme pero aínda require dunha mellora en cuestións como o investimento, para garantir que avance ao mesmo ritmo no medio e longo prazo. Ademais, é preciso que a política monetaria exerza de impulso para que o PIB siga aumentando e, ao mesmo tempo, protexer o peto das persoas traballadoras con incrementos salariais por encima da inflación para que recuperen o seu poder de compra e continúen mellorando o seu benestar.

INFORME DA OCDE SOBRE A TRANSICIÓN CARA UNHA ECONOMÍA DE CERO EMISIÓN NETAS

O sindicato valora de maneira positiva o informe sobre as consecuencias fiscais e económicas do proceso elaborado pola OCDE aínda que no texto seguen existindo “puntos conflictivos”

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) valora de maneira positiva o enfoque do informe que a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) fará público de maneira inminente sobre as consecuencias fiscais e económicas da transición cara a unha economía de cero emisións netas (NZE, polas súas siglas en inglés) en España. Con todo, o sindicato considera que aínda quedan “puntos conflictivos” que se deben poñer de relevo e esixir para asegurar que este proceso sexa xusto e comprométase coa mellora das condicións materiais da clase traballadora.

En concreto, o texto sinala que, a pesar de que España corre o risco de ser un dos países máis afectados polos efectos do cambio climático, aínda presenta un consumo de enerxía maiormente dominado polos combustibles fósiles (case o 70% do consumo total). Así, o estudo deduce que a estratexia cara á consecución das cero emisións netas de gases de efecto invernadoiro para 2050 contemplada na Estratexia de Descarbonización a longo prazo (LDS) do Goberno de España requirirá dun esforzo financeiro e reorganizativo da produción. Este implicará a fogares, empresas e sector público. É por iso polo que a OCDE decidiu escoller a España como exemplo para estudar as consecuencias do proceso.

O informe estima tamén que devanditos cambios na política económica do país e os seus efectos serán compatibles cun escenario de crecemento positivo do PIB per cápita de aquí a 2050. Así, darase unha mellora da balanza comercial debido á redución na dependencia enerxética e producirase un aumento dos ingresos fiscais principalmente provenientes do efecto do

crecemento da economía en sectores con menores emisións netas.

Ante este escenario, UGT considera que a distribución dos novos ingresos xerados debe ser equitativa. En concreto, o sindicato sinala que, a pesar do aumento estimado pola OCDE do 1% anual de media para o PIB de aquí a 2050, débese apuntar para o efecto dispar que este crecemento provocará nas diferentes familias. Desta forma, os fogares que dependan de ingresos provenientes de actividades extractivas ou aqueles que aínda dependan do consumo de combustibles fósiles (aqueles con menor nivel de renda) veranse afectados en maior medida que aqueles que participen noutro tipo de actividades ou que teñan outros hábitos de consumo.

Do mesmo xeito, o sindicato considera que os novos empregos verdes xerados deben ser de calidade. As e os traballadores de industrias máis contaminantes tenden a estar máis organizados sindicalmente e, por iso, representados laboralmente. O risco dunha maior precarización da man de obra vólvese aínda máis presente coa transición cara actividades de menores emisións. Nelas, as persoas traballadoras ostentan unha menor representación dos seus empregados. A OCDE xa advertiu nas Perspectivas de Emprego de 2024 que aqueles traballadores desprazados desde actividades con altas emisións a outras con menores emisións sufrirían unha maior perda de ingresos comparado co resto de casos. Isto, ademais, terá un impacto maior



en España. Asegurar a presenza de sindicatos nos novos centros de traballo, como reclama UGT, é fundamental neste punto.

Por último, UGT apunta que a Unión Europea (UE) debe desenvolver un instrumento permanente de financiamento dos investimentos verdes. Ao contrario do que sinala este informe, a Confederación Europea de Sindicatos (CES) xa apuntou nun estudo que, coas novas regras fiscais e a desaparición do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), en 2027 só tres Estados membro serían capaces de gastar o suficiente como para cumprir coas necesidades climáticas e sociais expresadas no Acordo de París. España non está entre eles. Ademais, a ausencia dunha ferramenta conxunta de financiamento pode provocar que o peso recaia nas Axudas de Estado, as cales poderían despregarse de forma desigual entre os diferentes membros, sen seguir unha estratexia común nin consensuada cos axentes sociais. Isto ademais desenvolvería unha inxusta competitividade entre socios europeos que podería provocar a fragmentación do Mercado Único. UGT denunciou xa as nefastas consecuencias das regras fiscais aprobadas pola UE.

A INFLACIÓN DESACELÉRASE EN XULLO E A ANUAL SÍTÚASE NO 2,8%

Redacción.- Os datos do IPC adiantado do mes de xullo, publicados polo INE, sitúan a inflación anual nun 2,8%, seis décimas menos que o mes de xuño, ata igualar o nivel máis baixo desde febreiro deste mesmo ano. Este descenso explícase pola baixada dos prezos da electricidade e dos alimentos.

Pola súa banda, a taxa subxacente, que recolle a inflación de compoñente máis estrutural, redúcese dúas décimas respecto ao mes anterior, cunha variación anual do 2,8%. Deste xeito, sitúase ao mesmo nivel

que a taxa xeral e alcanza o valor máis baixo desde xaneiro de 2021.

Por tanto, a senda de moderación no ritmo de crecemento dos prezos segue evolucionando favorablemente, á espera de coñecer os datos definitivos para valorar con máis detalle o efecto das baixadas do IVE nalgúns alimentos. Con todo, as amplas marxes sobre beneficios e o colchón financeiro que presenta boa parte do tecido empresarial deben dar paso a unha baixada de prezos máis intensa naqueles produtos que lideran o núcleo inflacionista.

Igualmente, tamén se debe seguir impulsando a senda de crecemento salarial. Neste sentido, o AENC 2023-2025 logrou frear a perda de poder adquisitivo das persoas traballadoras, cunha subida salarial pactada nos convenios asinados este ano do 4%, oito décimas por encima da inflación media (3,2%). Agora toca trasladar estes incrementos ao conxunto dos sectores produtivos, ademais de aumentar a cobertura das cláusulas de garantía salarial, esenciais para protexer aos traballadores e traballadoras ante cambios imprevistos na inflación.

EXERCE O TEU DEREITO: DESCONECTA EN VACACIÓNS

UGT advirte de que a interrupción do tempo de descanso debilita a saúde mental das persoas traballadoras

Redacción.- A utilización de dispositivos electrónicos é habitual na contorna laboral, con todo, este tipo de tecnoloxía permite unha conectividade permanente da persoa traballadora que se converte e confunde, en numerosas ocasións, coa dispoñibilidade permanente. Isto dificulta a desconexión dos traballadores e as traballadoras e, en consecuencia, a súa recuperación física e mental.

UGT considera que a inadecuada xestión das tecnoloxías da información e comunicación (TIC's) na contorna empresarial está difuminando a fronteira entre o tempo profesional e o persoal ou privado. Por este motivo, o sindicato pon en marcha unha campaña para concienciar e animar ás persoas traballadoras a esixir o seu dereito á desconexión. UGT advirte de que a interrupción do tempo de descanso debilita a saúde mental das persoas traballadoras e lembra que o número de baixas laborais por problemas deste tipo duplicouse se comparamos os datos de 2023 cos de 2016.

Segundo se recolle no artigo 88 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro e no artigo 18 da Lei 10/2021, do 9 de xullo, de traballo a distancia, os traballadores e traballadoras teñen dereito á desconexión dixital, incluídos todos aqueles que traballan a distancia. A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores leva tempo reivindicando que



este dereito inclúase tamén na Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Garantir a desconexión dixital é unha obrigación das empresas

As empresas deben garantir a desconexión dixital durante os tempos de descanso dos traballadores e traballadoras, incluídas as vacacións, limitando o uso das comunicacións empresariais a través de medios tecnolóxicos.

Ademais, é obrigatorio que as empresas elaboren unha política interna, previa audiencia dos representantes legais das persoas traballadoras, na que se definan as modalidades de exercicio do dereito á desconexión, así como as accións de formación e de sensibiliza-

ción do persoal sobre un uso razoable das ferramentas tecnolóxicas que evite o risco de fatiga informática.

Doutra banda, é importante destacar a obrigatoriedade empresarial de realizar a avaliación de riscos e a planificación da actividade preventiva do traballo a distancia. Nela, débese ter en conta os tempos de dispoñibilidade e a garantía dos descansos.

UGT lembra igualmente que, a través dos convenios ou acordos colectivos, é posible establecer os medios e formas para garantir o dereito á desconexión dixital. De feito, o sindicato dispón dunha serie de cláusulas tipo que poden negociarse nos convenios colectivos enfocadas a garantir o dereito á desconexión dixital.

UGT AMOSA A SÚA PREOCUPACIÓN POLO INCREMENTO DO NÚMERO DE VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN LABORAL

O sindicato insta a continuar de forma urxente coa tramitación do Anteproxecto de Lei Orgánica Integral contra a Trata de Seres Humanos

Redacción.- No Día Mundial contra a Trata de Seres humanos, UGT mostrou a súa preocupación polo incremento das cifras de vítimas deste grave delito contra os Dereitos Humanos e, en especial, da trata con fins de explotación laboral. Unha vez superadas as dificultades para a identificación e seguimento das vítimas de trata como consecuencia da covid-19, que deu lugar a que, no ano 2020, se producise unha diminución do 40% do número de vítimas identificadas a nivel mundial, España, en 2023, recuperou xa os niveis de 2019 coa identificación dun total de 489 vítimas de trata de seres humanos, un 113'5% máis que en 2022.

Os últimos datos do Ministerio de Inte-

rior e da Fiscalía tamén confirman a tendencia á alza, detectada a nivel global, da trata con fins de explotación laboral, así como do incremento das vítimas masculinas. Segundo o Balance Estatístico 2019-2023 do CITCO, no pasado ano e respecto a as cifras de 2022, houbo un aumento do 119% das vítimas identificadas de trata laboral e, en concreto, as vítimas masculinas incrementáronse nun 99%.

En consonancia con esta tendencia, as últimas estimacións da OIT mostran que as ganancias ilegais do traballo forzoso incrementáronse en 64.000 millóns de dólares desde 2014. Este aumento produciuse tanto porque o número de vítimas

é maior, como porque, cada unha delas, xera unha maior ganancia. O total anual de ganancias ilegais no traballo forzoso dentro da economía privada estimouse en 236 billóns de dólares a nivel mundial.

Deste, o 63% xérase na explotación laboral forzada, sendo o sector da industria o que máis ganancias xera, uns 35.000 millóns de dólares. Vai seguido do sector servizos, con 20.800 millóns, a agricultura, con 5.000 millóns e o traballo doméstico, con 2.600 millóns. Tamén segundo a OIT, nun día calquera de 2021, había 27,6 millóns de persoas en traballos forzados. Isto supón que, desde 2016, as vítimas de traballos forzados aumentarían en 2'7 millóns.